



Expediente núm.: 2573/2023

Procedemento: Selección de Persoal ao abeiro do programa da Deputación Provincial de Pontevedra de fomento da empregabilidade “Primeira experiencia profesional” nos concellos 2023/2024

Asunto: Publicación da resolución finalizadora do proceso selectivo.

PUBLICACIÓN: Por medio do presente procédese a publicación da resolución da Alcaldía núm. 2023-1391 de data 14/07/2023 pola que se pon fin ao proceso selectivo convocado por Decreto da Alcaldía 2023-1324 de 30/06/2023 que ten o seguinte contido:

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

De acordo co previsto nas Bases aprobadas por Decreto de Alcaldía 2023-1324 de data 30/06/2023, dirixidas á selección e posterior contratación polo Concello de catro persoas inscritas no Servizo Publico de Emprego para cubrir as catro prazas para as que se outorgou financiamento pola Deputación Provincial de Pontevedra e que se corresponden coas solicitadas no Decreto da Alcaldía núm. 2023-0936 de data 28/04/2023, persoal técnico con requisitos de titulación licenciatura ou grao en dereito (3 téc. superiores) e diplomatura ou grao en relacións laborais (1 téc. medio), coa fin de facilitarlles a adquisición da práctica profesional adecuada ao nivel de estudos cursado e mellorar así a súa inserción no mercado laboral, ao abeiro da subvención outorgada por acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de data 2 de xuño de 2023 (BOPPO núm. 109 do 07/06/2023), no marco da tramitación do programa da Deputación Provincial de Pontevedra de fomento da empregabilidade “Primeira experiencia profesional” nos concellos 2023/2024, as bases do cal foron aprobadas por acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra de data 31/03/2023, en data 14/07/2023 o Tribunal de selección emitiu a súa proposta de contratación.

Tomando en consideración a proposta mencionada e de acordo coas referidas bases procede formalizar a contratación das catro persoas que ao remate do proceso obtiveron as mellores cualificacións.

Visto o que antecede, de acordo coas competencias que lle outorga a esta Alcaldía a lexislación vixente, en particular o disposto no artigo 21.1. h dispoño adoptar a seguinte:

RESOLUCIÓN:

PRIMEIRO: Aceptar a proposta formulada polo Tribunal e proceder á contratación das persoas que a seguir se relacionan en réxime laboral temporal a tempo completo, na modalidade de contrato formativo para a obtención de practica profesional por un período de un ano con data de efectos do 15/07/2023 e ata o 14/07/2024, co salario que a seguir se reflicte para cada praza e que se corresponde coas retribucións establecidas na valoración que figura incorporada ao expediente de tramitación da subvención:

3 Técnicos superiores (Titulación en dereito) salario 2019,19 euros brutos mensuais coa parte proporcional das pagas extras incluídas.

APELIDOS E NOME	DNI
Argibay Antepazo, Miguel	***1346**
Nogueira González, Pablo Rodrigo	***4154**
Pazos Otero, Pablo	***6290**

1 Técnico medio (Titulación Relacións Laborais) salario 1783,21 euros brutos mensuais coa parte proporcional das pagas extras incluídas.





Concello de Cangas

APELIDOS E NOME	DNI
González González, Brais	***8750**

SEGUNDO: Aprobar a listaxe de suplentes prevista nas bases proposta polo tribunal que é como segue:

SUPLENTES Téc. superiores (Titulación en dereito)

APELIDOS E NOME	DNI
Rotea San Luis, Martín	***8691**
Solla Santos, José Manuel	***9737**

SUPLENTES Téc. medio (Titulación Relacións Laborais)

APELIDOS E NOME	DNI
Costa Otero, Eva	***1000**

TERCEIRO: Publicar a presente resolución xunto cos recursos procedentes con traslado da mesma aos aspirantes seleccionados, comunicándoo ao comité de empresa e aos departamentos de Intervención, Persoal e Subvencións.”

RECURSOS PROCEDENTES:

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, e de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e 8, 45 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, poderase interpoñer un dos seguintes recursos:

- a) Con carácter potestativo, recurso de reposición ante a Alcaldía, no prazo dun mes, a contar dende o día seguinte ao da recepción desta notificación.
- b) Recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra ou, a súa elección, o que corresponda ao seu domicilio se este radica en Galicia, dentro do prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da recepción desta notificación.

En caso de optar polo recurso potestativo de reposición non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se producise a súa desestimación por silencio administrativo.

Sen prexuízo de que os interesados poidan exercitar, no seu caso, calquera outro que estimen procedente.

O que se publica aos efectos oportunos

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE NA MARXE

